

Manuel Núñez Singala, sociolingüista 'Moitos profesores faranse obxectores ao decreto do galego'

César Lorenzo

"Moitos profesores faranse obxectores ao decreto do galego" Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) dirixe a área de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago. Publica *En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega* (Galaxia), manual didáctico pensado para crianzas e adultos.

O seu libro parece unha refutación aos tópicos contra o galego de Galicia Bilingüe e outros. Pois en realidade está construído moito antes. Hai máis de dez anos empecei a dar charlas sobre normalización e recoñezo que aburrín moito os rapaces que me ían escoitar. Así que construí as charlas como un xogo de lóxica. Eu expuña lles situacións que requirían da súa atención para que se desen de conta de que incluso nas cousas máis obvias poden enganarnos, facernos crer o que non é certo. O libro é froito daquel traballo. **Os adultos tamén caemos nos enganos.**

Cos anos non nos facemos inmunes a iso. Coido que os pre-conceptos poden funcionar cos adultos e polo tanto tamén os argumentos para corrixilos. A miña experiencia indicame que funcionan os xogos incluídos no libro tan ben con profesores ou pais que con alumnos, sexan cativos ou maiores. **Duns anos para aquí semella que se desatou unha guerra contra o galego, que agora parece total ao asumir a Xunta os ataques. Ten defensa posíbel a lingua?**

Persoalmente, a min non me gustaba a situación anterior. Socialmente había "paz" pero na realidade o galego estaba a morrer en silencio. A perda de falantes desde a chegada da autonomía foi constante e non lle importaba a ninguén. Galicia Bilingüe e outros fixeron de altofalantes para grupos xa existentes que antes calabán porque era politicamente incorrecto ir contra a lingua. Ao "saíren do armario" tamén espertaron unha forte reacción dos que consideramos que a lingua é un símbolo básico de Galiza. Isto paréceme moi positivo porque sen unha concienciación colectiva de que para salvagardar o patrimonio

"Eu teño unha irmá que dá clases de Matemáticas e sempre as impartiu en galego. Vai mudar agora porque llo mande a consellaría?"

"Alegreime cando nomearon a Anxo Lorenzo. Hoxe non entendo o seu xeito de actuar"

"Na Universidade de Santiago dánse en galego o 30% das clases"

do idioma hai que comprometerse, non hai futuro.

O decreto do Plurilingüismo aplicarase finalmente?

Até o momento non se aplicou ningún decreto. Os cambios de usos lingüísticos son moi complexos e lentos. Eu teño unha irmá que dá clases de Matemáticas e sempre as impartiu en galego. Vai mudar agora porque llo mande a consellaría? Coido que non. Sancionaran ou a inspección mirará para outro lado, como fixo con normas anteriores. É moi difícil que os profesores cambien os seus usos dun día para outro. Moitos faranse obxectores ao decreto e o Goberno terá que decidir entre incomodar os docentes ou contentarse cunha aplicación parcial do decreto. **Os ataques ao galego poden frear que moitos rapaces de contornos castelanfalantes se pasen ao noso idioma?**

É necesaria masa crítica para un cambio dese tipo, claro está. Se o ambiente está en contra, poucos se van cambiar. Pero na miña experiencia como sociolingüista sei que todas as medidas poden acabar dando os seus froitos, pasado o tempo. E moitos falantes poden asumir o galego como medio de reacción



JÉSSICA BARCALA / A.G.N.

contra os maiores ou contra un contorno que non lles gusta. Igual que se visten e se peitean conscientes de que incomodan, talvez agora falen en galego porque "non está ben visto".

Vostede coñece a Anxo Lorenzo. Que opina do seu labor?

Alegreime sinceramente cando o nomearon secretario xeral de Política Lingüística porque é unha persoa formada e capaz de facelo ben. Pero hoxe recoñezo que non entendo o seu xeito de traballar nin de pensar. **Faga un balance do proceso de normalización destes anos**

Está claro que fracasou. Mentres en Catalunya e Euskadi a autonomía parou a perda de falantes das linguas vernáculos, no noso caso non foi así. Penso que non se investiu o diñeiro necesario e que houbo poucas medidas nas que os dirixentes políticos crecen firmemente. O peor é que chegou a haber consenso político sobre o idioma e non se fixo nada. Agora que non o hai, todo é ben máis complicado. No caso concreto da Universidade de Santiago, hoxe dáse en galego o 30% das clases. Hai 20 anos a cifra era do 20%.●

Prexuízo 4: Falar galego cando hai alguén que non o fala é de mala educación

En galego, por que non? constrúese a través de análises de prexuízos sobre o galego partindo de casos de lóxica. Para desmontar a escusa da mala educación, Núñez Singala explica que se tomamos catro persoas das que tres falan galego e unha cas-

telán pero todos entenden as dúas linguas, o lóxico sería que o 75% das conversas fose en galego. Pois ben, se non falamos en galego por "educación" cando o castelanfalante está presente, o resultado é que só o 32% dos diálogos se faría en galego.●

O PROFESOR

Manuel Cidrás

Algunha vez temos falado aquí dos perigos do enfoque vitimolóxico da delincuencia, e particularmente do que chamamos vitimización colectiva, que nos releva do deber da racionalidade. Un curioso produto deste enfoque é o profesor Jesús Neira, elevado insensatamente aos altares do heroísmo cívico por causa dun lamentábel incidente abondo coñecido. Coa mesma furia coa que pasou do anonimato á eminencia, agora o profesor transita de heroe á de vilán logo da súa fichaxe polo aguerrismo coa prosapia de presidente do Consello Asesor do Observatorio contra a Violencia de Xénero da Comunidade de Madrid, e de escribir un libro titulado *España sin democracia*, seica cheo de caraxe. As peculiares opinións que o ex-eminente profesor expresa nesta obra parece que non lles gustaron aos que antes o adoraron como santo dun devocionario laico. Como son pouco devoto e nunca ti ven especial interese pola obra intelectual do profesor Neira, non son vítima do desencanto. Tampouco me interesa se ten ou non licenza de armas, aínda que en xeral desconfío da xente armada, especialmente se é valorosa.

Así e todo, acho que non son tan censurábeis as opinións do profesor como o seu empoleiramento nun púlpito civil do que non era obxectivamente merecente. A creación deste tipo de heroes (como o pai de Mariluz) di pouco do grao de racionalidade do discurso sobre a violencia. Convertelos logo en viláns só delata a estupidez dun proceso que sería igualmente estúpido se o heroe non aproveitase a súa azarosa notoriedade para derivar cara a un redentorismo tenebroso. O valor non exclúe á sensatez, pero dende logo non a implica.●

"Non me interesaseten ou non licenza de armas"

